Universidade Vigo

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde da reitora, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, no enderezo electrónico seguinte:https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618, e presencial na Sala Manolo Ramos (3º andar - Edificio Ernestina Otero do Campus de Marcosende-Vigo).

Prégase a conexión desde a hora prevista para a primeira convocatoria das persoas que asistan virtualmente, para facilitar o cómputo do quórum.

No apartado correspondente a "Acceso estudantado" encherase o "Nome" co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado "Contrasinal" coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en "Acceder" e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos

DÍA E HORA: **venres, 30 de outubro** de 2026, ás **09:30**., en primeira convocatoria, e á **10:00 h.,** en segunda.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta do Consello de Goberno ordinario do 28 de setembro de 2026.
2. Informe da reitora.
3. Aprobación, se procede, dos Criterios para a elaboración da Programación Docente Anual (PDA) para o curso académico 2027/28.
4. Aprobación, se procede, da modificación da disposición transitoria da Normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao con itinerario específico na Universidade de Vigo (aprobada en consello de goberno do 30 de xullo de 2025).
5. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa para a provisión de profesorado substituto vía listas de agarda na Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo correspondentes ao exercicio 2025, para a súa tramitación ao Consello Social.
7. Aprobación, se procede, das transferencias de crédito necesarias para atender a necesidades de diversos centros de gasto.
8. Aprobación, se procede, da actualización da Declaración institucional da Universidade de Vigo sobre integridade e loita contra o fraude.
9. Aprobación, se procede, da política de obsequios e atencións da Universidade de Vigo como anexo do Código Ético.
10. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social da Universidade de Vigo correspondente ao 2025.
11. Aprobación, se procede, da afiliación institucional da Universidade de Vigo como membro asociado da "Conferencia de Rectores de las Universidades del Suroeste Europeo (CRUSOE)".
12. Aprobación, se procede, da afiliación institucional da Universidade de Vigo á "Society of Women Engineers (SWE)".

13. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno[1]:
    - Investigación e Transferencia: 1 estudante.
    - Extensión Universitaria e Estudantes: 1 estudante
14. Eleccións para cubrir unha vacante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado non permanente[1]: 1 estudante.
15. Elección de representantes na Comisión de Seguimento do Plan Estratéxico 2021-2026[1]: 2 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 1 director/a de departamento.
16. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral

[1] As persoas interesadas poderán presentar as súas candidaturas, dirixidas á Secretaría Xeral da Universidade, segundo o modelo correspondente a cada elección que se achega coa presente convocatoria, preferiblemente por medio da instancia xenérica na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ou ben presencialmente nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Vigo, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra, **ata as 14:00 horas do mércores, 28 de outubro de 2026.**